Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

2. Prohibición de desenvolvemento na oficina de farmacia de actividades comerciais por sociedades mercantís ou outras entidades con personalidade xurídica diferenciada da dos farmacéuticos titulares.

3. Prohibición do arrendamento, subarrendamento ou cesión do uso dos locais da oficina de farmacia.

As limitacións sinaladas se introducen por entender que as mesmas conducen a garantir que a oficina de farmacia se limite á súa finalidade primordial de dispensación de medicamentos e produtos sanitarios, evitando, coa diversificación de actividades, a diminución da eficacia e a eficiencia na súa labor.

4. Necesidade de que o titular ou polo menos un dos titulares posúa a titulación concreta no caso de desenvolvemento de actividades de óptica, análises clínicas, ortopedia, audioprótese, nutrición ou calquera outra actividade sanitaria expresamente autorizada.

Esta limitación resultaría proporcionada na medida en que se quere garantir, dunha banda, que a persoa titular ou cotitular dunha oficina de farmacia teña, na medida do posible, coñecementos de todas elas, de cara a controlar e preservar o realizado en cada área, aínda contando co persoal específico. O fin a acadar e asegurar polo tanto a capacidade suficiente de cobertura, control e xestión das distintas actividades que se poidan realizar.

En todo caso, enténdese que todas estas prohibicións ou limitacións obedecen en realidade a un único fin, cal é o de fortalecer o papel primordial inherente ás oficinas de farmacia, garantindo o desempeño nelas dunha actividade profesional de calidade que contribúa a á mellora da asistencia sanitaria no conxunto do sistema.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Artigo 20. Xustificación das limitacións introducidas respecto da necesidade de contratación de farmacéuticos/as adxuntos/as en determinados supostos:

Como xa se destaca na exposición de motivos, e se recollía xa na primeira memoria, unha das novidades de maior impacto efectivo para as persoas titulares de oficina de farmacia que presenta esta nova lei é o da desaparición do suposto da caducidade das autorizacións administrativas por cumprimento da idade de 70 anos das persoas titulares de oficinas de farmacia. Xunto con ela establécese, non entanto, a obriga de que, no momento de cumprir o/a farmacéutico/a titular ou cotitular a idade de 70 anos, e de continuar exercendo dita función, proceda á contratación dun/dunha ou varios/as farmacéuticos/as adxuntos/as adicionais, segundo se determine regulamentariamente. A xustificación desta medida considerase oportuna e adecuada ao principio de proporcionalidade respecto do fin perseguido, que non é outro que o da prestación dun servizo de calidade e coas máximas garantías, polo indubidable impacto que este ten na saúde da cidadanía, sendo ademais similar que ás que se pretenden adoptar por outras autonomías.

Resulta de importancia ademais ter en conta o impacto positivo que esta medida pode ter no conxunto da economía, dado que favorece, no caso de que se dean estas condicións, a creación e fomento do emprego.

Por outra banda, no artigo 24.3 recóllese expresamente a prohibición de toda forma de publicidade ou actividade promocional das oficinas de farmacia, agás nos casos que se determinen regulamentariamente, así como a organización de eventos ou actividades e a utilización de ferramentas que poidan implicar unha promoción da oficina de farmacia, coa conseguinte tipificación da conduta no caso de producirse (artigo 72.2.b) 12º). Trátase con isto de garantir, non só o desempeño da actividade en igualdade dende o punto de vista competencial, senón tamén de garantir que o dereito á libre elección de oficina de farmacia se realice sen intromisións externas que poidan condicionar o seu exercicio.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Regulación dos concursos: concurso previo de traslado e de nova adxudicación:

Un dos puntos mais novidosos da nova lei é o que afecta á reestruturación e nova ordenación dos procedementos de adxudicación de oficinas de farmacia. Deste xeito, co fin de lograr unha maior profesionalización deste sector, promover a racionalización da planificación farmacéutica, a regularización e reorganización do mapa farmacéutico, se introduce como novidade a convocatoria dun concurso previo de traslados, o cal irá seguido dun concurso posterior de nova adxudicación:

Artigo 36. *Concurso de traslado*

1. A consellería competente en materia de sanidade convocará, por resolución que se publicará no *Diario Oficial de Galicia e* na súa páxina web o concurso de traslado ás novas oficinas de farmacia incluídas no mapa farmacéutico de Galicia.

2. Só poderán participar no dito concurso os/as farmacéuticos/as titulares ou cotitulares de oficina de farmacia na Comunidade Autónoma de Galicia que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes teñan desenvolvido, polo menos, o seu exercicio profesional como titulares ou cotitulares na mesma oficina de farmacia nos cinco anos anteriores, debendo manter tal condición durante todo o procedemento.

En caso de cotitularidade, os/as farmacéuticos/as cotitulares deberán participar no concurso no mesmo réxime de cotitularidade que ostenten na data de publicación da convocatoria.

3. En ningún caso poderán ser adxudicatarios/as dunha nova oficina de farmacia os/as titulares ou cotitulares dunha oficina de farmacia instalada na mesma zona farmacéutica na que se pretende abrir a nova.

4. O outorgamento da autorización por resolución firme na vía administrativa, dunha oficina de farmacia de nova apertura a un/unha farmacéutico/a que xa fora titular ou cotitular dunha, determinará automaticamente a perda da autorización relativa a esta última, aínda en caso de renuncia á nova oficina adxudicada.

Non obstante, en caso de que contra a resolución de autorización se recorrese en vía xurisdicional, a oficina de farmacia que anteriormente fose de titularidade do adxudicatario/a ou adxudicatarios/as, non entrará en concurso ata que recaia sentenza firme. Se a dita sentenza anulase a autorización efectuada en vía administrativa, aquela oficina de farmacia adxudicaráselle directamente ao que fora o/a seu/súa titular ou cotitular.

5. Regulamentariamente determinarase o momento no que os adxudicatarios deberán proceder a apertura da nova oficina de farmacia co fin de asegurar a continuidade na prestación farmacéutica en todas as zonas.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Artigo 37. *Concurso de nova adxudicación*

1. Logo de concluído o concurso de traslados coa autorización das oficinas de farmacia correspondentes ao mesmo, a consellería competente en materia de sanidade convocará, por resolución que se publicará no *Diario Oficial de Galicia e* na súa páxina web, o concurso de nova adxudicación para o outorgamento das autorizacións das oficinas de farmacia vacantes resultantes do concurso de traslado, que englobará tanto as novas oficinas de farmacia recollidas no mapa farmacéutico non cubertas como aquelas que quedaran libres por traslado da persoa titular, sempre e cando, de acordo cos módulos poboacionais previstos na sección 4ª do Capítulo I do Título II, sigan sendo necesarias.

2. Poderán participar neste concurso de nova adxudicación tódolos/as farmacéuticos/as que no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes fixado na convocatoria sexan ou non titulares ou cotitulares dunha oficina de farmacia, situada dentro ou fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e non a teñan transmitido nos dez anos anteriores á dita data.

3. Naqueles supostos nos que o/a farmacéutico/a estivese obrigado/a a pechar a súa oficina de farmacia a consecuencia da execución dunha sentenza xudicial firme que anule a resolución administrativa que autorizou a súa instalación, non se terá en conta o prazo contemplado no número anterior.

De acordo co anterior, o procedemento de outorgamento de autorizacións para a instalación de novas oficinas de farmacia levarase a cabo agora en dúas fases ou a través de dous sistemas de concurso diferenciados:

- Un concurso previo de traslados, ao que poderán concorrer os/as farmacéuticos/as titulares ou cotitulares de oficina de farmacia na Comunidade Autónoma de Galicia que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes teñan desenvolvido, polo menos, o seu exercicio profesional como titulares ou cotitulares na mesma oficina de farmacia nos cinco anos anteriores.

- Un concurso de nova adxudicación no que poderán participar tódolos/as farmacéuticos/as que no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes fixado na convocatoria sexan ou non titulares ou cotitulares dunha oficina de farmacia, situada dentro ou fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e non a teñan transmitido nos dez anos anteriores á dita data.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

A razón primordial, motivadora deste novo escenario, non é outra que a de favorecer unha planificación farmacéutica estratéxica, acorde coas necesidades reais da poboación en relación co servizo de prestación farmacéutica.

Así por exemplo, o feito de reservar a participación no concurso previo de traslados a aquelas persoas que xa son titulares dunha oficina de farmacia trata de facilitar de algún modo que aquelas persoas que puideran atoparse nunha situación mais penosa por razón da ubicación actual da súa oficina de farmacia, e que, sen embargo, pola súa experiencia e traxectoria profesional (de aí tamén o establecemento do requisito de 5 anos de experiencia profesional) reúnen as cualidades suficientes para prestar un bo servizo á poboación poidan ser dalgún xeito compensadas, favorecéndose ademais a mobilidade dos/as farmacéuticos/as. Trátase ademais dunha medida que, ao igual que o requisito de non transmisión nos 10 anos anteriores esixido para o concurso de nova adxudicación, contribuiría á estabilización do servizo de cara á prestación do mesmo, evitando a rotación excesiva dos profesionais farmacéuticos, o que iría en detrimento da calidade da atención farmacéutica, así como a adquisición de determinadas oficinas de farmacia con finalidade meramente especulativa. A dita medida se entende polo tanto adecuada ao principio de proporcionalidade e axeitada ao fin perseguido, por non terse atopado outras opcións menos restritivas.

Pola súa banda, a previsión relativa a que o concurso de nova adxudicación englobe tanto as novas oficinas de farmacia recollidas no mapa farmacéutico non cubertas como aquelas que quedaran libres por traslado da persoa titular, sempre e cando, de acordo cos módulos poboacionais previstos na sección 4ª do Capítulo I do Título II, sigan sendo necesarias, trata de favorecer dalgún xeito a apertura da planificación, abríndose así a porta a unha futura regularización e reorganización do mapa farmacéutico, de modo que se facilite a súa adaptación ás necesidades reais sen restrinxir a competencia, habida conta de que pode darse o caso de que o mapa perfilado non responda estritamente aos criterios legais establecidos, por existir zonas nas que pode que, racionalmente, non

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

estea xustificada a existencia dese número de oficinas de farmacia por terse modificado as condicións tidas en conta no seu día.

Semella que con estas medidas poder favorecerse a adaptación do mapa farmacéutico ás necesidades reais e actuais da poboación.

Polo que respecta á prohibición de adxudicación de oficinas de farmacia no concurso de traslados a aqueles que xa sexan titulares dunha oficina na mesma zona que aquela a adxudicar, cómpre salientar que se trata dunha previsión recollida xa na actual Lei 5/1999, do 21 de maio, a cal responde á necesidade de evitar posibles prácticas especulativas realizadas en detrimento do servizo público e co único fin de obter un beneficio económico.

Por último, e polo que respecta á limitación da participación no concurso de traslados no caso de cotitularidade, segundo o cal *"en caso de cotitularidade, os/as farmacéuticos/as cotitulares deberán participar no concurso no mesmo réxime de cotitularidade que ostenten na data de publicación da convocatoria"*, esta esixencia se establece por paralelismo co establecido dende o punto de vista da responsabilidade no exercicio profesional, de carácter solidario. Se esta é así con independencia da cota de titularidade que ostenta cada un deles, resulta tamén de todo punto imposible determinar a porcentaxe de méritos que poderían corresponder a cada un a efectos do concurso.

Xustificación das limitacións ás transmisións inter vivos

A ampliación do período mínimo de carencia para efectuar a transmisión, dos 3 aos 15 anos, implementouse xa na modificación da Lei 5/1999, do 21 de maio, levada a cabo pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Esta ampliación obedecía a un fin ou obxectivo primordial que era, sempre tendo en conta o interese xeral da poboación, orientado no presente caso a garantir á cidadanía o acceso a unha prestación farmacéutica eficaz, eficiente e de calidade, evitar, na medida do posible, os prexuízos que se poderían derivar para a cidadanía no caso de darse variacións frecuentes dos

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

titulares das oficinas de farmacia. Estes profesionais atópanse ao fronte dun establecemento sanitario a través do que se presta un servizo básico e sumamente imprescindible para a cidadanía, coa que con frecuencia se establecen relacións de confianza que, a súa vez, permiten ter un coñecemento mais fondo das patoloxías que requiren tratamento farmacolóxico, o que incrementa a calidade do servizo prestado, mellora a atención individualizada que os titulares de oficina de farmacia poden prestar e, en definitiva, contribúe a mellorar a calidade do servizo.

Ben é certo que o Tribunal Constitucional tense xa manifestado acerca do carácter básico da transmisibilidade de oficinas de farmacia así como do establecemento de límites á liberdade de empresa que se poderían establecer neste ámbito, de modo que a configuración como básica da transmisibilidade das autorizacións administrativas (como mínimo común normativo para todo o territorio nacional) non obstaría para que as Comunidades Autónomas modulasen, como así se fai aquí, os termos e condicionamentos daquela, puidendo así desenvolver a súa función planificadora en aras ao interese público.

Así pois, por todo o exposto e en particular polas razóns de interese público anteriormente citadas, considérase que o límite temporal establecido resulta proporcionado coa necesidade de prover á cidadanía dunha atención farmacéutica eficaz, eficiente e de calidade.

Xustificación das regras aplicables ás transmisión inter vivos

De acordo co sinalado no anteproxecto, as transmisións inter vivos estarían suxeitas a unha serie de regras, como son:

a) As oficinas de farmacia non poderán transmitirse desde o momento no que a persoa titular presentase solicitude de participación no concurso público de traslados para o outorgamento de autorización respecto doutra oficina de farmacia. Esta limitación manterase ata o esgotamento da vía administrativa en

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

relación co dito concurso público, ou, no caso de recurso, na vía xurisdicional, ata que recaia sentenza firme.

b) O outorgamento, por resolución firme na vía administrativa, da autorización para a instalación dunha nova oficina de farmacia a quen xa fose titular doutra determinará a perda automática da autorización relativa a esta última. En consecuencia, non se poderán autorizar as transmisións que, respecto dela pretenda efectuar aquel, agás no caso de anulación xudicial daquela resolución de autorización.

c) Nos casos de peche provisional obrigatorio dunha oficina de farmacia por inhabilitación profesional ou condena a pena privativa de liberdade que supoña o ingreso efectivo en prisión impostas á persoa titular da oficina de farmacia por sentenza penal firme, este non poderá transmitir a dita oficina de farmacia durante o tempo no que esta permaneza clausurada.

As limitacións citadas responden á finalidade última de evitar a especulación citada no apartado anterior con fins exclusivos de lucro e beneficio económico, en detrimento da prestación dun servizo público de calidade, con vocación de estabilidade.

Noutra orde de cousas, o artigo 55.4 sinala que as entidades de distribución autorizadas pola Administración autonómica non poderán arrendar, subarrendar ou ceder a terceiras persoas os locais ou instalacións destinados ao desenvolvemento das súas actividades. Esta prohibición busca, en esencia, evitar na medida do posible que estas entidades vexan desvirtuado o obxecto principal a súa finalidade, evitando, coa diversificación de actividades, a diminución da eficacia e a eficiencia na súa labor e as interferencias indesexables que poderían darse respecto do labor conservación e distribución dos medicamentos e produtos sanitarios cos que traballen.

Pola súa banda, o artigo 69 recolle unha serie de garantías na información, promoción e publicidade de medicamentos e produtos sanitarios. En concreto, establece que *"no caso das mensaxes publicitarias difundidas no ámbito da*

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Comunidade Autónoma de Galicia, as entidades responsables das mesmas deberán comunicar a súa intención de realizar esta actividade de acordo co procedemento establecido". Esta esixencia de comunicación resulta indispensable de cara a que os órganos competentes poidan verificar que o contido desa información e das mensaxes publicitarias sexan acordes cos criterios de veracidade nin induzan a unha utilización incorrecta dos medicamentos e produtos sanitarios ou ao seu consumo.

Xa por último, o anteproxecto tramitado recolle o réxime de incompatibilidades aplicables aos profesionais farmacéuticos e a outro persoal dos establecementos e servizos de atención farmacéutica. En concreto, e logo de consagrar a regra xeral de que a titularidade dunha oficina de farmacia e o exercicio profesional farmacéutico nos establecementos e servizos de atención farmacéutica é incompatible coa existencia de calquera clase de intereses económicos, directos, na fabricación e distribución de medicamentos ou de produtos sanitarios, se traen a colación nela as excepcións recollidas no texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo.

Pola súa banda, as concretas incompatibilidades recollidas no noso anteproxecto responden a esixencias de obxectividade, razoabilidade, necesidade e proporcionalidade, na medida en que se trata de garantir a integridade e independencia dos profesionais farmacéuticos e demais persoal que poidan derivar nunha actuación imparcial polo potencial conflito de intereses que puidera xurdir e un detrimento na prestación do servizo. Considérase que o desempeño da actividade profesional realizada deberá ser en todo caso obxectivo e axustado aos necesarios estándares de prestación do servizo público esixidos pola natureza mesmo, e respectar os criterios establecidos na presente lei.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Cómpre por último destacar, a modo de conclusión, que a regulación proxectada se axusta, a xuízo desta consellería, aos principios de proporcionalidade, necesidade e oportunidade, buscándose en todo caso acadar coas medidas nela inseridas a prestación duns servizos de calidade, e dun funcionamento eficaz e eficiente dos mesmos.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019
O secretario xeral técnico
(P.A. art. 6.1.c Decreto 41/2013)
O Vicesecretario xeral

Ramón Martínez Blanco